

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000018  
Exp. 2024/G003/003883

**PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN  
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 10-12-2024, ditou a resolución con número 3654/2024 que deseguido se transcribe:

**RESOLUCIÓN**

**Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento do tribunal cualificador e datas da fase de concurso-oposición, do proceso selectivo para a contratación dun/ha docente para impartir a acción formativa “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.**

**Antecedentes.**

**Primeiro.-** Por Resolución de Alcaldía núm. 3492/2024 de data 28/11/2024, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de duración determinada (contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral) e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa, denominada “**Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**” (Código curso: 2024/002293, Especialidade: SCS0208), correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025.

De conformidade co disposto na base Terceira das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP núm. 231 de 29/11/2024).

**Segundo.-** Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*): “4.3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional” e, na base Quinta (*Composición da comisión da avaliación*) da convocatoria, e de de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “**Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**” (Código curso: 2024/002293, Especialidade: SCS0208).

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

**Segundo.-** Designar a Comisión da Avaliación prevista na Base 5ª da convocatoria (*Composición da comisión da avaliación*) que estará composto polos seguintes membros:

**Presidente:**

- Titular: D<sup>a</sup>. **Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.  
Suplente: D. **Juan José Lorenzo Pose**, Director do Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000018  
Exp. 2024/G003/003883

**Vogais:**

- Titular 1º: Dª. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, Axente de desenvolvemento local do concello de Laracha.  
Suplente 1º: Dª. **María Dolores Serrano Bolón**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
- Titular 2º: Dª. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración do concello de Carballo.  
Suplente 2º: Dª. **Lorena Castrillón Manso**, Enxeñeiro técnico industrial do Concello de Carballo.
- Titular 3º: Dª. **Carmen Del Río Rodríguez**, Técnica de administración do Concello de Carballo.  
Suplente 3º: D. **José Facal Fariña**, Enxeñeiro técnico industrial do Concello de Carballo.

**Secretaria/o:**

- Titular D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.  
Suplente: Dª. **Mª Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Terceiro.-** Convocar a todos os membros da comisión da avaliación para a **constitución do tribunal** e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **xoves 12 de decembro de 2024 as 12:00 h.** na Sala de Xuntas do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Non será preciso a celebración do segundo exercicio da fase de oposición, avaliación do coñecemento da lingua galega, dado que tódolos/as aspirantes teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a Base segunda apartado 6 (*CELGA 3 ou equivalente*).

**Cuarto.-** Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000018  
Exp. 2024/G003/003883

**ANEXO I.**

**Listaxe definitiva de Admitidos/as do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS” correspondente ao Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025 (Código curso: 2024/002293, Especialidade: SSCS0208).**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LOPEZ RAFALES	VERONICA	***0242**
2	MARQUE SEOANE	SALETA	***5637**
3	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales